



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZAOITO DE XUÑO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . CELIA ALEGRE MACEIRA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezaoto de xuño de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto a Presidencia dálle as grazas aos grupos políticos polas facilidades para adiantar esta sesión unha hora.

Seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (14/05/2014).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o catorce de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Toma de posesión de dona Celia Alegre Maceira como concelleira da Corporación por substitución por renuncia de don Eloy J. Iglesias López.

Pola concelleira electa dona Celia Alegre Maceira procédese a presentar a correspondente credencial acreditativa da súa condición de concelleira desta Corporación remitida pola Xunta Electoral Central.

De seguido e logo de prestar promesa segundo o disposto no artigo 108.6 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, baixo a fórmula establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, toma posesión do seu cargo de concelleira do Grupo PSdG-PSOE ocupando a vacante producida por substitución, por renuncia, de don Eloy J. Iglesias López.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Presidencia dálle a benvinda ao pleno, órgano máis importante do concello, e aproveita a ocasión para agradecerlle a don Eloy J. Iglesias o traballo e esforzo durante tantos anos pola mellora constante do concello de Vedra e o benestar dos seus veciños e veciñas.

Dona Celia Alegre agradécelle a todos o recibimento

3º.- Aprobación, se procede, do novo convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago.

Dáse conta do novo convenio modificado para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago de Compostela, cuxo obxecto é fixar as principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento da promoción turística conxunta a realizar de maneira compartida entre os concellos de A Estrada, Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces, ao non formar parte deste os concellos de Ames, Brión e Teo, que si figuraban no aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de xaneiro do ano que andamos.

Posto a votación o citado convenio apróbase con doce votos a favor do PP, PSdG-PSOE e TEGA e unha abstención do BNG.

4º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de acordo de adhesión do concello á Sección de Concellos con Interese Turístico da Fegam.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía 172/14 de data 26 de maio que di o seguinte:

“Constituída a Sección de concellos con Interese Turístico, o día 19 de marzo de 2014, no seo da FEGAMP, a cal nin ten ánimo de lucro, nin personalidade xurídica e cuxa actividade circunscríbese aos municipios galegos declarados de interese turístico, aos concellos con festas declaradas de interese turístico e aos concellos con distintivos de Calidade, que se atopen dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia.

Reunindo o concello de Vedra os requisitos esixidos para formar parte da dita Sección de concellos con Interese Turístico e considerando favorable, para os intereses particulares deste municipio, a representación dos intereses colectivos dos concellos adheridos así coma os fins da sección.

En función das competencias que me outorga o artigo 21 da Lei de Bases de Réxime Local e demais de aplicación para o efecto,
RESOLVIN:

PRIMEIRO.- Acordar a adhesión do concello de Vedra á Sección de concellos con Interese Turístico da FEGAMP para o cal solicitarase o ingreso ante o Comité de Dirección, para formar parte da subsección de municipios con festas de interese turístico.

SEGUNDO.- Comprometerse a cumprir as formalidades, dereitos e obrigas establecidas no regulamento de funcionamento da Sección para acadar os fins establecidos.



TERCEIRO.- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido.”

O Sr. Pose do BNG di que non ten documentación sobre deste tema polo que vai absterse na votación, pois descoñece os dereitos e obrigas así como as responsabilidades ás que se somete o concello pola adhesión a esta sección, e na Comisión Informativa tampouco lle souberon explicar moi ben, só que existían intereses comúns pero sen máis detalles.

O Pleno, con doce votos a favor do PP, PSdG-PSOE e TEGA e unha abstención do BNG acorda ratificar o citado acordo.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do PSdG-PSOE para instar á Xunta de Galicia a derogación do apartado C do artigo 41 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Dáse conta da moción presentada polo PSdG-PSOE na que expón que as comisións de festas en Galicia son un instrumento que de vello teñen creado os veciños para organizar as festas das súas parroquias ou barrios, aportando moito esforzo e altruísmo os seus membros á hora de facer realidade as programacións festivas dos seus pobos.

A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, publicada no DOG do 27/12/2013, incorpora unha nova regulación para a concesión da licenza a determinadas actividades de espectáculos públicos e actividades recreativas, concretamente o artigo 41.c. sinala textualmente “a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles”, que afecta de xeito moi negativo ás comisións de festas que se ven obrigadas a levar a cabo uns trámites administrativos complexos e custosos diante dos concellos á hora de organizar as festas locais, obrigándolles a presentar un proxecto, asinado por técnico competente, no que se determine o axuste das festas á normativa urbanística sectorial, e que estableza determinacións sobre prevención e seguridade en incendios, un plan de emerxencias, plan de autoprotección, estudo da mobilidade xerada, estudo de impacto acústico e dispositiva de asistencia sanitaria.

Di tamén que con esta normativa que non vai resolver problema algún, causaralles un prexuízo aos cidadáns e aos gobernos municipais que se verán obrigados a aplicar unha disposición a toda luces innecesaria e impopular, cargándoos de máis traballos e custo.

Por iso solicita a aprobación polo Pleno Municipal do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para a modificación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, eliminado do seu texto o disposto no artigo 41, apartado C no que se refire á obriga ás comisións de festas de obtención de licenza para a celebración de festexos populares.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos grupos políticos do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ao acordado neste punto polo Pleno desta Corporación.



Terceiro.- Poñer á disposición das comisións de festas e demais asociacións do concello que se vexan afectados no desenvolvemento das súas programacións polo artigo 41.C da Lei 9/2013, os servizos técnicos municipais para a redacción do proxecto técnico, do plan de emerxencia, do plan de autoprotección memoria de mobilidade, e demais estudos requiridos nos apartados 41.2.a) e 41.2.b) da citada Lei.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE agradécelle de antemán o apoio prestado á moción na Comisión Informativa, sinalando que todos coinciden nos esforzos que prestan as comisións de festas para organizar as festas parroquiais, atopándonos cunha lei que foi aprobada a finais de ano e agora na forza do verán saltan as alarmas non se sabe ben se por parte das comisións de festas ou das empresas contratistas que se ven obrigadas a achegar unha documentación que non tiñan ao día.

Di tamén que é marca do goberno da Xunta de Galicia aprobar unha lei, xerar polémica e despois saír en prensa ou a través dunha circular dicindo que non se vai aplicar tal articulado, entendendo que se existe una lei haberá que tratar de adaptala, citar aos axentes implicados na aplicación da norma para chegar a un consenso, e que sexa de aplicación en toda a súa extensión sen ter que facer parches, semellando que se van apagando incendios segundo van xurdindo, como así pasou coa Lei de Augas, que non se ía aplicar ás comunidades de usuarios, ás instalacións gandeiras, pero sen embargo os apartados da lei que lles afectan non se derrogan, e neste caso pasa exactamente igual

Ademais sinala que sería desexable que do mesmo xeito que se lle esixe ás comisións de festas que cumpran unha determinada normativa e achegar unha documentación, ese nivel de esixencia sexa semellante para outros actores implicados: contratistas, orquestras, ...que teñan toda a súa documentación en regra para facilitar un traballo non profesional, totalmente altruísta, que se desenvolva nas mellores condicións e minimizando en todo o posible os riscos que puidesen xurdir.

O Sr. Pose do BNG anuncia que vai votar a favor, e di que sempre estamos igual: que o PP fabrica leis e despois molestan á parte municipal, e os municipios gobernados polo PP opóñense a ela, trátase dunha constante, recordándolles que no derradeiro pleno xa lle preguntou se realmente eran do PP, posto que non hai lei que lles valla, é que lle parece moi ben que se opoñan a ela.

Expón ademais que non existe unha regulamentación da lei nin decreto que a regule, só unha circular asinada polo Conselleiro, que en palabras do Sr. Secretario “que non pase nada”, e que efectivamente da vía legal non os libra ninguén, que pode existir unha responsabilidade por vía penal, e de feito algunha comisión de festas de cerca xa decidiu suspender as festas programadas, e están a intentar artellar mecanismos para poder tomar o contrato coas orquestras ,creándolle un auténtico problema a todos.

O Sr. Alvela de TEGA di que a moción lle parece moi oportuna, e que sen ser exclusivo do PP, se crean leis e normas na medida do posible para complicarlles a vida aos cidadáns, sen ningún tipo de consenso na maior parte delas, que debería ser o primeiro paso para comprobar realmente a problemática que existe nas comisións de festas sen ánimo de lucro, que como ben dixo a voceira do PSdG-PSOE traballan a reo todo o ano e só se lle poñen complicacións en vez de darlle solucións, e neste caso a Xunta de Galicia terá que revogar esta Lei e terase que buscar consenso e adaptala ao que corresponda, aínda que efectivamente haxa que ter en serio algunhas circunstancias.



A Presidencia expón que como xa dixo na Comisión Informativa van apoiar a moción, e que só se está a falar dun apartado concreto dun artigo, non de toda a Lei, contestando ás opinións do voceiro do BNG que si son do PP, e que seguirán a selo, se ben por encima diso están os intereses dos veciños de Vedra, por iso cando se presentan mocións que os benefician sempre votan a favor, independentemente de quen as presente, como así levan demostrando nos últimos tres anos.

Di tamén que mañá terá unha reunión na Xefatura Territorial da Coruña para ver o contido da circular remitida aos concellos, formular as dúbidas que se presenten, e entre todos intentar buscar solucións, e dende logo dende o concello se vai a poñer a disposición das comisións de festas a Protección Civil, facendo un matiz con respecto a este tema, posto que aínda que non existise esta Lei, se pasaba algo ían existir problemas igual, e nin que dicir ten coas compañías de seguros.

Por último sinala que a Lei é excesiva e que hai cousas que crean dúbidas e complicacións ás comisións de festas, dándolles a razón ao exposto polos voceiros dos grupos municipais, por iso van apoiar a moción.

O Sr. Pose di que coa aprobación desta moción o concello non só pon a disposición das comisións de festas a PC, senón á aparelladora, o arquitecto, o servizo de avogados, ... contestándolle a Presidencia que en principio hai que aclarar cando é preciso ou non esa documentación

Por último o Sr. Pose faille entrega á Presidencia da documentación que se solicita no concello limítrofe de Teo para obter a licenza.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción.

6º.- Acordo, se procede, sobre desafectación da casa dos mestres de San Xián de Sales.

Na parroquia de San Xián de Sales existe un edificio escolar composto de baixo, destinado a escolas, e unha planta (Ref. Catastral 001604600NH44A0001RE), inscrito no Rexistro da Propiedade de Santiago de Compostela no Tomo 1473, Libro 137, Folio 207, Finca Rexistral nº 16469, Inscripción nº 1 e no Inventario Municipal de Bens no epígrafe 1 “Bens inmoables” (código 1INM08900019), coa seguinte descrición:

Descrición inmoable:

Parcela cunha superficie de 295 m², en cuxo interior se atopa unha edificación/construción que ocupa en planta aproximadamente 124 m² e resto da parcela destinado a urbanización-xardinería da mesma. O acceso principal á parcela realízase polo linde sur a través da parcela estremeira destinada a campo de festas e aparcadoiro.

Descrición da edificación (construción): Edificación/construción de dúas alturas de planta rectangular, destinada anteriormente a escola unitaria (planta baixa) e vivenda de mestres (planta primeira) e composta por unha planta baixa de aproximadamente 124 m² destinada actualmente a escola infantil e unha planta primeira de aproximadamente 124 m² sen uso específico. O acceso principal ao edificio realízase pola fachada sur a través da parcela contigua destinada a campo de festas e aparcadoiro.

Infraestrutura básica:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Edificación/Construción: Estrutura previsiblemente de formigón armado. Cuberta a dúas augas acabada con placas onduladas de fibrocemento. Fachadas acabadas con enfusado de cemento liso e pintura cor branca e cor rosa en elementos verticais. Carpintería exterior dobre de aluminio follas corredeiras en planta baixa e carpintería de madeira pintada cor branca con contras interiores en planta primeira. Interiores con acabados múltiples

Resto parcela: parque infantil con chan de placas amortecedoras de caídas, cunha randeeira de un asento, dous balancíns, un panel informativo e dous areeiros móbiles.

Instalacións de saneamento, fontanería e electricidade.

Lindeiros: Norte: 15090E501001390000PD -Gacio Carballeira Carmen.

Sur : 15090A003009140000SL- Sociedad Agrícola Unión y Progreso.

001605300NH44A0001JE - Barreiro Barcia Manuel.

Este: 15090A003096180000SL -Deputación de A Coruña.

15090E501096090000PR -Deputación de A Coruña.

Oeste : 15090E501001390000PD- Gacio Carballeira Manuel.

Dado que a planta 1ª do edificio está destinado a vivendas dos mestres e como tal non se utilizan dende hai xa bastantes anos e que o seu actual estado chega incluso a prexudicar aos locais destinados a escolas.

Tendo en conta a necesidade dunha mellora do edificio que tamén implicaría as das condicións das escolas en beneficio dos alumnos.

Á vista así mesmo da demanda por parte dos veciños desta parroquia, unha das maiores do concello, para utilizalas como local social cunhas condicións mínimas para as súas actividades culturais e sociais

Considerando que o debido acondicionamento da parte alta do edificio cubriría esta necesaria demanda social e constituiría unha mellora nas condicións das escolas do baixo do edificio.

De conformidade co disposto no artigo 8 do R.D. 1372/86, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e nos artigos 22.2.l e 47.2.n da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a desafectación da planta 1ª do edificio Escola Unitaria de Cibrán, dedicada a vivendas de mestres, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

Segundo- Solicitalle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a autorización previa, segundo o establecido no R.D. 605/1987, do 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa á desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal, para a citada desafectación.

Terceiro.- Someter a información pública polo prazo dun mes no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, para que os interesados poidan formular as reclamacións que estimen pertinentes.

Cuarto.- De non formularse reclamacións durante o citado trámite de información pública, considerárase aprobada definitivamente a alteración da cualificación xurídica proposta, quedando facultado o Sr. Alcalde -Presidente aos efectos que fosen oportunos.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.



7º.- Aprobación, se procede, do convenio entre o concello e dona María Dolores Iglesias Gacio sobre permuta de terreos en San Xián de Sales para construción dun aparcadoiro.

Dáse conta da proposta de convenio entre o Concello de Vedra e dona Dolores Iglesias Gacio cuxo obxecto é establecer as condicións para que o concello poida levar a efecto a obra de construción dun aparcadoiro en San Xián, posto que o terreo preséntase de forma irregular en todo o tramo, e para a efectiva realización da obra é preciso trazar unha liña recta paralela á estrada DP8203, co que o terreo expropiado quedaría fóra do ámbito de actuación e o terreo da parcela de dona Dolores Iglesias Gacio quedaría dentro do ámbito (43 m²).

Dona Lucía González felicítaos polo acordo acadado para darlle solución á demanda dos veciños de San Xián que finalmente redundarán no beneficio da parroquia; sen embargo sáltalles unha dúbida respecto á cualificación urbanística dos terreos, un terreo urbanizable e outro solo público, preguntando se existe un informe técnico que avale este cambio de uso que vai ter o solo, porque pregúntalle ao Sr. Secretario se non sería necesario unha modificación puntual do PXOM, por máis que sexan cantidades mínimas.

O Sr. Secretario contéstalle que o fundamental non é o convenio senón a permuta do terreo que si ten que aprobarse en pleno, e que en principio dado que son 40 m², en dúas ou tres parcelas, considérase que se poden considerar parcelas sobrantas, é dicir, terreos sen interese urbanístico, pero que se fai unha permuta para darlle as máximas garantías legais.

Dona Lucía González di que feita a aclaración por parte do Sr. Secretario, aceptan a resposta como válida pero que lles xera certas dúbidas, e deixando de manifesto o agradecemento por ter chegado a este acordo e poder levar a cabo a obra, o seu grupo vai absterse con esta reserva.

O Sr. Pose do BNG di que non tivo tempo de ver o contido do convenio, porque non poden pedirlle que estuden un tema como este en 24 horas, tendo certas dúbidas en que non sexa necesario unha modificación puntual do PXOM, aínda que por iso votaría a favor, pero non lle poden pedir un voto a cegas e se queren un labor serio ten que dispor da documentación polo menos cun prazo de 15 días de antelación.

A Presidencia di que se estivo negociando este convenio dende hai máis de tres meses, chegando a un acordo a finais da semana pasada, que se levou a comisión informativa o luns, e a urxencia vén motivada porque os veciños de San Xián levan tempo esperando á obra e non se pode retrasar un mes máis.

O Pleno, con sete votos a favor do PP e TEGA e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG, acorda aprobar o citado convenio.

8º.- Aprobación, se procede, dos proxectos de obras incluídas no Plan DTC 93 “Unha Deputación para todos os concellos”.

Solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Con data 14 de maio o Pleno do Concello aprobou participar no Plan DTC 93 “Unha Deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, solicitando a inclusión no apartado A) Obras e subministracións as que de seguido se relacionan, e aprobando as correspondentes memorias técnicas :



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Arranxos de camiños en San Mamede, San Miguel, Santa Cruz de Ribadulla e outros	64.762,38	0	64.762,38
Arranxo de camiños en Romarís, Quintáns -Matelo, e San Pedro de Sarandón	55.175,53	7.413,52	47.762,01
TOTAL	119.937,91	7.413,52	112.524,39

Proponse aprobar os proxectos técnicos das citadas obras redactados pola arquitecta técnica dona Clara Lema Rodríguez.

O Pleno, con sete votos a favor do PP e TEGA e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG acorda aprobar os citados proxectos.

9º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG sobre aproveitamento dos inmobles de propiedade municipal.

Pola Presidencia dáse conta da moción presentada polo BNG sobre do correcto aproveitamento dos inmobles de propiedade municipal que ten que ver coa pregunta formulada no pleno anterior e coa resposta que se ía dar hoxe neste pleno, sinalando que o seu grupo votará en contra da urxencia porque se compromete publicamente non só a dar resposta antes do vindeiro pleno senón a convocar unha xuntanza nun prazo de 15 días para tratar de chegar a un consenso neste tema, que vén reclamando o BNG dende hai seis meses, e recoñecendo el a súa culpa no retraso.

O Sr. Pose do BNG di que a última vez que dixo isto tardouse 6 meses, polo que se vai facerse non lle custará traballo votar favorablemente a moción, entendendo que existe “silencio administrativo positivo”, e que se é urxente a ocupación da casa dos mestres de San Xián de Sales tamén é urxente a do centro de saúde de Santa Cruz de Ribadulla ou o Museo Etnográfico de Vedra, indicándolle ao Sr. Alcalde que lle poden pedir opinión de que facer cun edificio municipal, pero que a responsabilidade é do equipo de goberno.

Sométese a votación a urxencia deste punto rexistrándose 6 votos a favor do PSdG-PSOE e BNG e seis en contra do PP e unha abstención de TEGA. Repítese a votación co mesmo resultado e rexeitase co voto de calidade da Presidencia.

O Sr. Alvela de TEGA manifesta que á vista das palabras do Sr. Alcalde entende que desta vez vai en serio e se dentro de 15 días se soluciona o tema xa está resolto o problema.

10º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da baixa de dona Lucía Sevio Gómez, di que se trata dun tema urxente, que se está pendente dunha reunión entre o concelleiro de Servizos Sociais e o Departamento de Servizos Sociais para ver tanto a organización como o tema de cubrir esa baixa, e a partires desa reorganización do servizo comezarse coa tramitación, e que en calquera caso a ludoteca vai seguir adiante.



2.- En canto á adxudicación do servizo de axuda no fogar, di que onte se asinou o novo convenio do persoal laboral cos tres sindicatos: CCOO,, UXT e CIG, e a partir de agora se comezará coa licitación do contrato de prestación do servizo de axuda no fogar, en relación só as horas que non se poden prestar polas traballadoras municipais do servizo.

--Á pregunta do BNG sobre de Sogama, di que hai que ver o que di o informe xurídico da Fegamp ao respecto e no momento que se dispoña del farase unha valoración tendo en conta todas as variables e unha proposta que sexa a mellor para Vedra, e evidentemente se convocará unha reunión con todos os grupos políticos para escoitar a opinión de todos, que ten a súa urxencia porque o contrato con Sogama expira en outubro.

--Polo que respecta á pregunta do BNG sobre das contas no BBVA, a Presidencia contéstalle que temos dúas contas abertas nesa entidade bancaria, unha asociada aos préstamos, sen gastos nin comisións, que se veñen formalizando dende o 2006 ata o de agora, e na que se reciben a participación nos tributos do Estado e as entregas a conta de recadación da Deputación, e outra asociada ao préstamo ICO 2012, sen gastos nin comisións, e que sempre está a cero agás cando hai que facer o abono correspondente ao préstamo ICO. Di que tamén hai unha póliza de crédito.

En canto ás medidas a tomar, sinala que se abriu unha nova vía de negociación, que non será fácil e non espera nada, pero si que hai que esperar un tempo prudencial para tratar de chegar a unha solución, e que de non surtir efecto está de acordo con el e que non se vai descartar ningunha medida de forza que haxa que adoptar, aínda que ao mellor é difícil tomar algunha decisión posto que o BBVA quedouse con Banco de Crédito Local.

11º.- Rogos e Preguntas.

--Dona Lucía González do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos:

1.- Que no cruce situado diante da casa do concello debido á afluencia de tráfico polo concello e centro médico os coches aparcen ao carón da beirarrúa, e os coches que baixan cara o centro médico teñen unha visibilidade reducida e os que soben teñen dificultades para incorporarse á estrada provincial, polo que roga se pinte unha raia amarela para que o cruce quede libre.

2.- Na ponte da autoestrada situada en Nande-San Fins de Sales quedaron esquecidas unhas táboas que en calquera momento poden caer, rogando se inste á concesionaria para que as retire e revisen as demais pontes que existen en todo o termo municipal.

3.- En relación ás novas que se están a saír na prensa sobre da apertura dos comedores escolares no verán para as familias en situación de vulnerabilidade, primeiramente a Xunta de Galicia dixo que non se ían abrir porque estigmatizaban ás familias; agora di que se facendo convenios cos concellos. Sen embargo o Colexio de Traballadores Sociais está en contra posto que expón á luz pública o problema propoñendo que se incrementen as partidas de emerxencia social. Pregunta que se vai facer aquí? E roga que as partidas de emerxencia social se xestionen coa maior das dilixencias e aproveitando as estruturas que xa están creadas, como acontece coa ludoteca, que unha vez máis volve a ser vital para a conciliación e o bo estado de moitas familias.



A Presidencia contéstalle que todos os presentes son sensibles a estas situacións, e que as partidas de emerxencia social son partidas abertas totalmente, e a ludoteca é un servizo creado polo equipo de goberno anterior e na medida do posible intentarán mantelo e potencialo.

--O Sr. Cobas do PSdG-PSOE pregunta:

1.- En San Fins de Sales a casa propiedade de don Manuel Granja Raviña, que no seu momento foi paralizada, estase a seguir coas obras e xa está tellada. Pregunta se ten licenza municipal e de non ser así a inmediata paralización e reposición da legalidade.

2.- En Francés -Castrelo (Vilanova) a vivenda do propietario do local “Zeus” leva moito tempo parada, sen rematar no prazo legalmente concedido, e incluso está a facer obras de cerre. Pregunta se ten licenza, e se non é así que se paralice e se proceda á reposición da legalidade.

3.- En San Xián de Sales, don José Manuel González de la Torre, está a facer obras de cerramento na súa vivenda, situada fronte á Gruta do Matelo, que xa no seu día se retiraron os postes, polo que solicita que se non ten licenza ou non cumpre as condicións se proceda á reposición da legalidade.

4.- Don José Manuel Orosa Canabal levou a cabo obras en Rozadela, e pregunta se ten licenza, e en caso negativo se paralicen as mesmas e se repoña a legalidade urbanística.

--Dón José Antonio Pose do BNG en relación ás cesións dos edificios para usos de asociacións, pregunta se se incorreu en silencio administrativo na adxudicación do uso das edificacións, en particular naquelas en que os aproveitamentos posibles sexa exclusivamente cultural, e no caso de non ter incorrido, solicita informe coa xustificación técnica correspondente, indicando que no caso de ter incorrido se entende positivo o silencio.

--Don José Alvela de TEGA roga que se faga o seguimento e presión oportuna ante a Deputación Provincial para que se proceda ao ensanche da estrada da Gaiosa á Ponte de Sarandón, no tramo que falta, así como o abastecemento de augas que xa está en Chao de Cartas, incluso coa construción dunhas beirarrúas que no seu momento xa estaban proxectadas.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cinco minutos.